

Xeografía
Grupo de traballo
2024-25

CIUG
Xeografía



DIRECTRICES PAU XEOGRAFÍA 2025

XEOGRAFÍA

Directrices xerais

No documento que se presenta a continuación quedan reflectidas as directrices e orientacións asumidas polo Grupo de Traballo de Xeografía para o **CURSO ACADÉMICO 2024-2025**

A estrutura da Proba de Acceso á Universidade (PAU) muda substancialmente con respecto ao modelo imperante durante a crise sanitaria derivada da COVID-19 e das sucesivas prórrogas que tivo ese modelo. O novo marco legislativo emanado da nova Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, introduce tanto no preámbulo coma no seu articulado un novo paradigma na avaliación do alumnado, centrándose nunha avaliación por competencias do mesmo. Esta idea non é nova, pois xa aparecía na LOE (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación), onde se expoñía a construción de contornas de aprendizaxe abertas, a promoción da cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión social, así como a adquisición de coñecementos e as competencias que permitisen desenvolver os valores da cidadanía democrática, a vida en común, o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos, pero é agora cando cobra un protagonismo absoluto na LOMLOE.

A Xeografía tampouco é allea á avaliación por competencias. É certo que tradicionalmente os coñecementos teóricos tiveron significación na proba de acceso á universidade desta materia, pero non é menos certo que sempre se caracterizou por unha notable presenza de contidos prácticos coa intención de valorar no alumnado unha maior capacidade de análise e síntese para unha mellor comprensión das relacións da sociedade co territorio, aspectos que entroncan directamente co espírito da nova lei.

A avaliación por competencias nas PAU introducirase de xeito progresivo, de xeito que neste primeiro ano de implantación incluírase na proba unha única pregunta de tipo competencial, para ir incrementándose o seu número nos vindeiros anos.

1. Marco legislativo

Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 534/2024, de 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión.

Real Decreto 243/2022 , de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato.

Decreto 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Desenvolvemento do currículo

Decreto 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1. Desenvolvemento dos bloques de contidos para o exame

A continuación mostramos os bloques de contidos tal e como figuran no currículo. A eles asociamos nun esquema/resumo os posibles exercicios prácticos e o vocabulario asociados a cada contido específico.

A estrutura da PAU de Xeografía será a seguinte: proba de catro preguntas, na que unha delas, a primeira, será de tipo competencial, outras dúas serán exercicios prácticos de interpretación e comentario de gráficos, imaxes e/ou mapas nos que se aplicarán os coñecementos correspondentes do currículo, e unha última pregunta de vocabulario. As catro preguntas serán de resposta obrigatoria, se ben na 2, 3 e 4 haberá optatividade interna. Deste xeito, a proba distribuirase do seguinte xeito:

-1ª pregunta de tipo competencial: **circunscribirase ao bloque 2 de contidos**. Nela proporase unha situación contextualizada nunha contorna xeográfica, propia da vida do alumnado, a partir da cal terá que comparar, deducir ou relacionar, demostrando creatividade, capacidade crítica, reflexión e madurez na interpretación e resolución da cuestión exposta. Suporá unha puntuación de 2,5 puntos.

-2ª pregunta de tipo práctico do bloque 1, 3 ou 4. Suporá unha puntuación de 2,5 puntos. Constará de dúas cuestións das que o alumnado deberá responder a unha delas.

-3ª pregunta de tipo práctico do bloque 1, 3 ou 4. Suporá unha puntuación de 2,5 puntos. Constará de dúas cuestións das que o alumnado deberá responder a unha delas.

-4ª pregunta. Vocabulario. Proporase un texto de carácter xeográfico no que se sinalarán 10 termos xeográficos para definir. Deles o alumnado deberá escoller 5 dos mesmos para elaborar a súa resposta, na que se valorará a brevidade (recoméndase non superar as cinco liñas), a concreción e precisión (que corresponda ao concepto), así como a contextualización cun exemplo. Suporá unha puntuación de 2,5 puntos (0,5 puntos por termo).

En todas as preguntas valorarase a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación. Estes aspectos suporán un 10 % da cualificación de cada unha das cuestións expostas.

Na web da CIUG está dispoñible un modelo de exame, e a súa correspondente rúbrica de avaliación, de acordo con estas premisas.

Bloque 1. España, Europa e a globalización

Contidos:

1.1 España: **localización e situación xeográfica no mundo** a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en **diferentes indicadores socioeconómicos**. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.

1.2 **España no mundo. España ante a globalización:** ameazas e oportunidades. **Contexto xeopolítico mundial** e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos obxectivos de desenvolvemento sustentable. Galicia no contexto mundial.

1.3 **España en Europa: localización de países e aspectos naturais.** A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. **Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos.** A posición de Galicia no contexto europeo.

1.4 **Organización administrativa de España.** O estudo **dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos.** Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación actual e proxeccións do Estado do benestar.

Bloque 2: A sustentabilidade do medio físico de España.

Contidos:

2.1 **Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas.** Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.

2.2 **Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas** de distribución e representación de climas. **Emerxencia climática:** cambios nos padróns termoplumiométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. **Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas;** webs e aplicacións móbiles.

2.3 **Biodiversidade, solos e rede hídrica.** Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: **perda de biodiversidade, de solos e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos.** Riscos xerados polas persoas.

2.4 **Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea:** uso de ferramentas de diagnóstico. **A rede de espazos naturais protexidos** e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sustentabilidade.

Bloque 3. España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial.

Contidos:

3.1 **A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios.** Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. **Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios;** o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: **envellecemento e despoboamento rural.**

3.2 **Os espazos urbanos en España:** as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. **Estructura urbana a través dos planos:** repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. **Modelos de cidades sustentables.** O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sustentable.

Bloque 4. España: a ordenación do territorio no enfoque económico

Contidos:

4.1 **Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias.** Transformacións das actividades agropecuarias: **prácticas sustentables e insustentables.** O valor socioambiental e económico dos produtos agroalimentarios e forestais de proximidade: indagación de pegadas ecolóxicas e da estrutura sociolaboral. O exemplo galego. **Influencia da actual política agraria común** no desenvolvemento rural e na sustentabilidade. **Estudo de casos:** etiquetaxes diferenciadas, ecolóxico etc.

4.2 **Os recursos mariños e a transformación do litoral:** pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. **Sustentabilidade e política pesqueira común.** O caso galego. Estudo de casos: marisqueo, pesca de baixura e altura, acuicultura, sobreexplotación de caladoiros etc.

4.3 **Sector secundario. Os espazos industriais.** Transformacións nas actividades industriais e as **paisaxes:** materias primas e fontes de enerxía. Avaliación de pegadas ecolóxicas; **dependencia e transición enerxéticas;** estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. **Impacto da deslocalización** sobre sectores da industria española. Estudo de casos: construción, automobilístico, agroalimentario etc. e **factores de localización.** Espazos industriais e tendencias en Galicia. O debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización.

4.4 **Sector terciario. Os espazos terciarizados.** O modelo de **economía circular** e os servizos: relacións entre produción, distribución e venda. Análise crítica de pegadas ecolóxicas, estrutura sociolaboral, responsabilidade social corporativa e dos consumidores. **Estudo de casos: competitividade e desequilibrios en transporte, comercio, turismo, servizos esenciais** etc. e factores de localización. Modelos insustentables de servizos e alternativas. Modelos de ocupación dominante en Galicia.

4.5 **A economía dixital: impacto da «economía colaborativa»** e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea.

2.2. Esquema/resumo cos posibles prácticos e o vocabulario asociado a cada contido.

XEOGRAFÍA. PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU)			
Bloque 1	Contido	Posibles exercizos prácticos	Vocabulario
España, Europa e a globalización	<p>1.1. España: localización e situación xeográfica no mundo</p> <p>1.2. España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mapas que contrasten España e Europa a nivel administrativo, económico, ... • Infografías sobre o papel de España na UE, seguindo o modelo de infografías do INE. • Mapa comparativo de densidades de 	<p>1.Ortofoto</p> <p>2.Sistema de información xeográfica (SIX)</p> <p>3.Fondos estruturais</p> <p>4.Movements antiglobalización</p> <p>5.ODS (Obxectivos de</p>

	<p>1.3. España en Europa.</p> <p>1.4. Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos.</p>	<p>poboación España / UE, de cara a contrastar as densidades ibéricas coas da “banana azul”.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxección Spilhaus. A posición de España no océano mundial. • Mapas de desequilibrios territoriais (renda p.c., cobertura de internet,...), <i>a partir da actualización de datos do Atlas Geográfico Nacional e/ou outras fontes cartográficas.</i> https://www.ign.es/re-cursos-educativos/desequilibrios-territoriales/index.html# 	<p>desenvolvemento sostible)</p> <p>6.Parroquia</p> <p>7.Municipio</p> <p>8.Provincia</p> <p>9.Comunidade autónoma</p> <p>10.Espazo Schengen</p> <p>11.BRIC’S</p> <p>12.G20</p>
Bloque 2	Contidos	Exemplos de posibles exercizos prácticos	Vocabulario
A sustentabilidade do medio físico de España	<p>2.1.Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas.</p> <p>2.2. Diversidade climática de Galicia e España.</p> <p>2.3. Biodiversidade, solos e rede hídrica.</p> <p>2.4. Políticas ambientais en Galicia, en España</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mapa da diversidade litolóxica. Debuxos e gráficos sobre o modelado: granítico, cárstico, arxiloso e volcánico. • Comentario de imaxes de paisaxes naturais: atlántica, mediterránea, de montaña e das Canarias. Cliseries de Teide e Pireneos. • Análise de climogramas que resalten contrastes en relación con mapas e 	<p>13.Paisaxe</p> <p>14.Aluvión</p> <p>15.Meseta</p> <p>16.Tectónica de placas</p> <p>17.Ría</p> <p>18.Zócolo</p> <p>19.Cordilleiras de pregamento</p> <p>20.Cuncas sedimentarias</p> <p>21.Aridez</p>

	<p>e na Unión Europea.</p>	<p>gráficos de distribución de climas, temperaturas, precipitacións, insolación...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación do mapa do tempo, en especial se fai referencia a DANAs, vagas de calor africano, temporais do suroeste, anticiclóns térmicos invernaís de intensas néboas, advección do oeste, anticiclón de verán... Novas de fenómenos meteorolóxicos adversos • Gráficos de warming stripes en España e capitais de provincia. • Fotografías de satélite para identificar situacións de inversión térmica ou convección treboenta (ex.). Comparativas de ortofotos de Copernicus sobre impactos das secas na paisaxe (ex.). • Comparativas mapa topográfico / mapas de vexetación potencial, a partir de IBERPIX. • Documentos, gráficas e mapas nos que se aborde a política de conservación de Espazos Naturais 	<p>22.Barlovento 23.Inversión térmica 24. Isóbara 25. Isohieta 26.DANA / DINA / Gota fría 27.Emerxencia climática 28.AMOC 29.Vexetación clímax 30.Cunca fluvial 31.Estiaxe 32.Marisma 33.Acuífero 34.Desalgadora</p>
--	----------------------------	---	--

		Protexidos , de cara a comentar as políticas de protección ambiental.	
Bloque 3	Contidos	Exemplos de posibles exercizos prácticos	Vocabulario
España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial	<p>3.1.A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios</p> <p>3.2.Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de mapas, gráficos, textos sobre o avellentamento, densidade de poboación, saldo vexetativo, e as problemáticas migratoria e da España baleirada. • Planos urbanos e/ou fotografías e fotografías aéreas con contraste entre cascos históricos e ensanches, entre centro histórico e área metropolitana. Análise de paisaxes urbanas. Gráficos de evolución urbana de distintas cidades españolas, segundo o modelo de @dr_xeo (ex.). • Mapas de macrocefalia urbana, segundo o modelo de Atlas Geográfico Nacional. Mapas coa delimitación das áreas de influencia, segundo a variable de residencia-traballo, e/ou mapas sobre o 	<p>35.Poboación activa</p> <p>36.Esperanza de vida</p> <p>37.Réxime demográfico</p> <p>38.Crecemento vexetativo</p> <p>39.Padrón municipal de habitantes</p> <p>40.Saldo migratorio</p> <p>41. Inverno demográfico</p> <p>42.Área metropolitana</p> <p>43.PXOM</p> <p>44.Xentrificación</p> <p>45.Cidade difusa</p> <p>46.Cidade de 15 minutos</p>

		sistema de cidades español.	
Bloque 4	Contidos	Exemplos de posibles exercizos prácticos	Vocabuario
<p>España: a ordenación do territorio no enfoque económico</p>	<p>4.1.Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias</p> <p>4.2.Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamento</p> <p>4.3.Sector secundario. Os espazos industriais</p> <p>4.4.Sector terciario. Os espazos terciarizado</p> <p>4.5.A economía dixital: impacto da «economía colaborativa»</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos sobre prácticas sustentables e insustentables nos espazos agrarios (problema dos puríns, esgotamento da fertilidade da terra polas prácticas intensivas, dependencia da agroindustria, sementes modificadas...), e os circuitos da distribución do alimentos e contraste co mercado de proximidade, ... • A repercusión da PAC. Novas sobre prácticas agrarias de tipo ecolóxico. Mapas/ortofotos sobre incremento de regadío e invernaoiros en España. • Mapas / ortofotos, gráficos e imaxes sobre paisaxes agrarias predominantes en España: montaña húmida, praderías, 	<p>47.Agricultura ecolóxica</p> <p>48.Denominación de orixe</p> <p>49.Silvicultura</p> <p>50.FEAGA</p> <p>51.Enerxías renovables</p> <p>52.Industrias verdes</p> <p>53.Industria 4.0</p> <p>54.Deslocalización industrial</p> <p>55.Descarbonización</p> <p>56. Balanza comercial</p> <p>57.Ecoturismo</p> <p>58.Economía sumerxida</p> <p>59.Turismofobia</p> <p>60.Fenda dixital</p>

		<p>dehesa, cerealicultura, viñedo, cultivos tropicais, cultivo baixo plástico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documentos nos que se aborde o esgotamento dos caladoiros, a política pesqueira europea e os seus efectos na flota galega, os efectos positivos e negativos da acuicultura. • Mapas de emprego industrial, contribución da industria no PIB, evolución de negocios na industria manufactureira... Comparativa de imaxes parque tecnolóxico/polígono industrial tradicional. Factores de localización industrial. Novas sobre a polémica localización de minas e industrias de enclave. Novas sobre a deslocalización e os seus efectos. • Imaxes da transformación da costa española pola actividade turística e novas sobre a turismofobia. • Gráficos e novas sobre o declive do comercio 	
--	--	--	--

		<p>tradicional. As novas formas de comercio: dixital, online, plataformas loxísticas... Formas de traballo e economía colaborativas. Mapas, estadísticas e gráficos sobre a conectividade e fenda dixital en España.</p>	
--	--	--	--

2.3. Modelo de exame

O modelo de exame, así como a rúbrica do mesmo cos criterios de avaliación que se seguirán, está dispoñible na web da CIUG.

2.4. Novo vocabulario proposto

A continuación ofrecemos unha definición de cada un dos novos termos propostos para facilitar o seu estudo e comprensión para o alumnado que curse a materia de Xeografía de España. Á hora de elaborar a resposta á pregunta de vocabulario o alumnado debe ter en conta que se valorará a concreción e precisión (que se corresponda ao concepto), así como a contextualización do termo, sempre que sexa posible, mediante un exemplo significativo do mesmo.

Acuífero.- Formación constituída por unha ou máis capas de rochas, capaz de almacenar e ceder auga infiltrada no solo. Os acuíferos son permeables e gardan auga coterránea que se transmite a lagos, pantanos, fontes e pozos. A súa sobreexplotación para regadío fainos estar no punto de mira da sostibilidade ambiental.

AMOC.- Acrónimo de *Atlantic Meridional Overturning Circulation*, cinta transportadora de calor que facilita a suavidade térmica en Europa occidental. Esta estase a ver diluída pola fusión de xeo ártico nas costas de Groenlandia; en consecuencia, o aporte de auga doce ralentiza a corrente do Golfo, que pouco a pouco desaparecería.

BRICS.- Siglas que fan referencia ao conxunto de países formados por Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica. É o grupo de países máis adiantados dentro das economías emerxentes. É unha asociación político-económico-social que, en 2024, se ten ampliado co ingreso de Arxentina, Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos, Irán, Exipto e Etiopía. Coa súa asociación, pretende un maior equilibrio dentro da economía mundial.

Cidade de 15 minutos.- Modelo de planificación urbanística sostible, lanzado na COP21 de París (2015), e caracterizado por promover un deseño urbano que facilite o acceso ás necesidades básicas (traballo, vivenda, alimentación, saúde, educación, cultura lecer) baseado na proximidade e nos desprazamentos a pé ou en bicicleta, menos contaminantes. Outro modelo sostible é tamén o das “supermazás” postas en práctica na cidade de Barcelona.

Cidade difusa.- Modelo de desenvolvemento urbano de inspiración anglosaxoa, que se caracteriza por unha expansión do tecido urbano, con menor densidade de edificación, ao longo das áreas metropolitanas e contornas rururbanas. Na súa superficie configúranse áreas segregadas, especializadas en funcións residenciais, comerciais e industriais. A “ideoloxía clorofila” dominante a finais do século XX expandiu este modelo en España, que se adaptaba tradicionalmente ao modelo de cidade compacta mediterránea.

DANA / DINA / Gota fría.- DANA / DINA é o acrónimo de “depresión illada en niveis altos” da atmosfera. É unha “gota fría” que se illou e desprendeu do Jet Stream e provoca habitualmente choivas torrenciais por mor da convección atmosférica. É cada vez máis habitual nos períodos desde finais de primavera ata comezos do outono na cunca mediterránea, onde a mestura de aire quente en superficie e aire frío en altura dá lugar a situacións atmosféricas treboentas.

Desalgador.- Planta que produce auga doce a partir da auga salgada mariña. No litoral mediterráneo, onde a cantidade de precipitación recibida é escasa para atender ás necesidades de consumo dunha poboación en medra, trátase dunha solución para o abastecemento de auga doce con diferentes usos vencellados, sobre todo, ao consumo humano.

Descarbonización.- Política enerxética consistente na redución paulatina das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) xeradas pola actividade humana. Implica o peche, por exemplo, de centrais térmicas baseadas na combustión de carbón, á par que se fomenta o incremento de enerxía xerada a partir da utilización de enerxías renovables (hidroeléctrica, eólica, solar,...).

Deslocalización industrial.- Traslado dunha actividade industrial dun país ou rexión a outro lugar, coa finalidade de abaratar custes. Co proceso de globalización da economía posto en marcha polas políticas neoliberais, moitas grandes empresas dos países máis ricos aproveitaron esta estratexia para situar as súas plantas de produción en países menos desenvolvidos, onde os salarios son máis baixos.

Emerxencia climática.- Caracterización das consecuencias do quecemento global, acentuado no Antropoceno, a causa das emisións de gases de efecto invernadoiro por mor do consumo masivo de combustibles fósiles. Diversos activistas como Greta Thunberg e Extinction Rebellion fan fincapé nas consecuencias do desxeo polar, o incremento do nivel do mar,... e solicitan aos gobernos mundiais a posta en práctica de políticas ecoloxistas que reduzan os riscos medioambientais.

Espazo Schengen.- Conxunto dos territorios dos Estados europeos -membros ou non da UE- nos que se aplica a supresión de controis nas fronteiras interiores e as persoas circulan libremente. Foi previsto no Acordo de Schengen de 1990; entrou en vigor en 1995.

FEAGA.- Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria, é o organismo da UE que apoia aos agricultores a través de diferentes réximes de pago, por emprego de métodos agrícolas sostibles e pago aos xoves agricultores. Os pagos están suxeitos ao cumprimento das normas da UE sobre seguridade alimentaria, protección medioambiental e benestar animal. O FEAGA financia tamén medidas paea estabilizar os mercados agrícolas e apoio ás rexións ultraperiféricas.

Fenda dixital.- Desigualdade existente entre as persoas respecto ás posibilidades de acceso, calidade e formación no uso das TIC's (tecnoloxías da información e comunicación). Esta desigualdade dase entre grupos de desigual condición socio-económica e entre habitantes das zonas rurais e urbanas, dado que a cobertura de internet é ben mellor en áreas densamente poboadas.

G20.- Grupo de discusión económica, formado por 19 Estados, máis a Unión Europea onde se reúnen regularmente, dende 1999, xefes de Estado, gobernadores centrais e ministros de finanzas. Intégranos os países máis industrializados do G7, xunto con outros emerxentes de distintos continentes, e teñen por obxectivo coordinar medidas para impulsar o crecemento e intercambio económico mundial.

Industria 4.0.- A Cuarta Revolución Industrial, actualmente en marcha, implica a utilización de novas tecnoloxías como a robótica, a intelixencia artificial, a nanotecnoloxía e o internet das cousas, entre outras. Todo iso debe repercutir nunha automatización das tarefas e unha dixitalización industrial que quizás reverta o proceso de deslocalización industrial promovido polo neoliberalismo de finais do século XX.

Inverno demográfico.- Situación que se produce actualmente en países que están no réxime demográfico moderno, con taxas de fecundidade que están por debaixo da taxa de reposición (2,1 fillos por muller), o que provoca un avellentamento da poboación e a necesidade de favorecer a inmigración de cara a cubrir os postos de traballo necesarios para o funcionamento da economía. Esta problemática é significativa nos países máis avanzados da UE e Xapón, así como tamén en Rusia.

Ortofoto.- Fotografía aérea dixitalizada que se ten corrixido xeometricamente para eliminar distorsións -como a orientación da cámara ou as diferenzas de elevación. As ortofotos presentan a mesma escala en toda a superficie e poden usarse como mapa.

Saldo migratorio.- Balance que existe entre a inmigración e a emigración nun determinado lugar; cando o saldo migratorio é positivo -hai máis inmigrantes ca emigrantes-, a poboación aumenta; cando o saldo migratorio é negativo -hai máis emigrantes ca inmigrantes-, a poboación diminúe.

Sistema de información xeográfica (SIX).- Colección integrada de software e datos informáticos utilizados para visualizar e administrar información sobre lugares xeográficos. Un SIX proporciona un marco para recopilar e organizar datos espaciais e información relacionada para que se poidan amosar e relacionar.

Turismofobia.- Fenómeno caracterizado polo rexeitamento das poboacións locais do turismo masivo, que xera grandes incomodidades e dificultades aos residentes. Cando nun destino turístico se produce masificación e se desborda a capacidade de carga sobre os recursos medioambientais e mesmo a vivenda, as protestas arrecian e o malestar está próximo á fobia.